



**Expediente núm.: 157/2024**

**Resolución de Alcaldía**

**Asunto:** Selección e provisión de postos

**Asinado por:** Alcaldía

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Primeiro.-** Á vista do disposto nas bases reguladoras que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal para a contratación de un condutor para o vehículo motobomba ao abeiro do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de As Nogais, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e que foron aprobadas por Resolución desta Alcaldía, nº 2024-0190, de data 03/06/2024.

**Segundo.-** Á vista do resultado da ampliación da oferta de emprego 12-2024-66997 e das solicitudes presentadas obrantes no expediente referenciado no encabezado.

**Terceiro.-** Á vista do disposto no artigo 72 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal "de acordo co principio de simplificación administrativa, acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo[...]"

**Cuarto.-** Á vista do disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Declarar provisionalmente admitidos aos aspirantes seguintes:

#### CONDUTOR MOTOBOMBA:

APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO DA PROBA DE GALEGO
FERNANDEZ MELENDEZ ANDRES	***3131**	SI
ROIS RABADE ALEJANDRO	***3117**	SI
BARRIO ARIAS ALEJANDRO	***7886**	SI

**ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS:** Ninguén





**Segundo.-** Elevar a definitiva a lista ata agora provisional de admitidos e excluídos, ao non haber excluídos.

**Terceiro.-** A composición do Tribunal Cualificador será a seguinte:

**PRESIDENTE:** Julio López Veiga , Traballador Social do Concello de As Nogais.

**PRESIDENTE SUPLENTE:** José Alberto Gallego Becerra, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Baralla.

**SECRETARIA:** Ana Belén Alba González, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de As Nogais.

**SECRETARIA SUPLENTE:** Monserrat Conde López, Secretaria-Interventora da Deputación Provincial de Lugo.

**VOGAL 1 :** Demetrio Ruíz Mourín, Subalerno do Concello de As Nogais

**VOGAL 1 SUPLENTE:** María Matilde Arza Zarauza, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello do Courel.

**VOGAL 2:** Sergio Carballo Marcos, Operario de Servizos Municipais do Concello de As Nogais.

**VOGAL 2 SUPLENTE:** María del Carmen García Villamil, Traballadora Social do Concello de Becerreá.

**VOGAL 3:** Francisco Pardo Souto, Operario de Servizos Múltiples do Concello de As Nogais.

**VOGAL 3 SUPLENTE:** María José Espín Fontal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Triacastela.

**Cuarto.-** Convocar ao Tribunal de Selección para a constitución do mesmo, o mércores día 24 de xullo as 9:45 horas no Salón de Plenos do Concello de As Nogais e, a continuación, ás 10:00 horas para a realización das probas correspondentes para o posto de condutor de vehículo motobomba. Ás 11:00 horas convocase de novo ao tribunal para a corrección de exames e baremación de méritos.

**Quinto.-** Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais, na sede electrónica e na páxina web [www.concelloasnogais.es](http://www.concelloasnogais.es).

**Sexto.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación municipal.





Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da publicación, sen prexuízo de que os interesados podan exercer calquera outro que estime oportuno.

No caso de interpoñer recurso de reposición, non se poda interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso interposto.

As Nogais, na data da sinatura á marxe  
O Alcalde-Presidente,  
Jesús Manuel Núñez Díaz

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

